

INFORME LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE DECRETO PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE APROBAN MEDIDAS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN DE AUTORIZACIÓNS DE INSTALACIÓN DE SALÓNS DE XOGO E TENDAS DE APOSTAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Esta Secretaría Xeral Técnica, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, e logo de examinar o *“Proxecto de Decreto polo que se aproban medidas en materia de planificación de autorizacións de instalación de salóns de xogo e tendas de apostas na Comunidade Autónoma de Galicia”*, emite o seguinte,

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado mediante Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, atribúe á nosa Comunidade Autónoma, no seu artigo 27.27, a competencia exclusiva en materia de casinos, xogos e apostas e, no exercicio da dita competencia, ditouse a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia.

O artigo 22.b) da dita Lei 14/1985, do 23 de outubro, especifica que é competencia do Consello da Xunta de Galicia a planificación dos xogos e apostas na Comunidade Autónoma de Galicia conforme ás normas xerais do Estado.

No exercicio da competencia de planificación que lle reconece o artigo 22 b) da vixente Lei 14/1985, do 23 de outubro, o Consello da Xunta aprobou o Acordo, do 16 de maio de 2019, sobre planificación das autorizacións de instalacións de salóns de xogo e tendas de apostas na Comunidade Autónoma de Galicia, feito público por Resolución do 16 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior (Diario Oficial de Galicia número 94, do 20 de maio de 2019), e no que se ordea o inicio do procedemento de elaboración dunha norma regulamentaria que adaptase a regulación existente á planificación establecida nel.

Pola súa banda, o Regulamento máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 39/2008, do 21 de febreiro, e o Regulamento de apostas da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 162/2012, do 7 de xuño, establecen respectivamente as causas de desestimación das solicitudes autorización de instalación de salóns de xogo e de tendas de apostas respectivamente.

2. Necesidade e oportunidade

Nos últimos anos tense detectado un incremento considerable nas solicitudes de autorización de instalación de salóns de xogo e de tendas de apostas, que pasaron de 54 salóns de xogo en 2013 a 97 salóns no 2018 e de 20 tendas de apostas existentes no 2013 a 41 no 2018, o que unido á



preocupación social existente e ao aumento dos problemas de adicción aos xogos practicados nestes establecementos, xustifica a necesidade de proceder a realizar unha planificación que limite o número deste tipo de establecementos de xogo na Comunidade Autónoma, fixando, previa avaliación da oferta de xogo e das razóns de interese xeral implicadas, un número máximo que permita conseguir os obxectivos de protección da saúde e da seguridade das persoas consumidoras e usuarias dos xogos, de garantía da orde pública e de loita contra o fraude na actividade do xogo a través dunha oferta cuantitativamente moderada.

Así, o Consello da Xunta aprobou o anteriormente referido Acordo, do 16 de maio de 2019, sobre planificación das autorizacións de instalacións de salóns de xogo e tendas de apostas na Comunidade Autónoma de Galicia, cuxas medidas terán unha duración temporalmente limitada ata a entrada en vigor da futura Lei reguladora dos xogos de Galicia (cuxo anteproxecto está en tramitación) e, en todo caso, ata o prazo máximo de nove meses desde a publicación do acordo, isto é, o 20 de febreiro de 2020, de non terse producido con anterioridade a entrada en vigor da nova lei. Neste último caso, antes do vencemento do referido prazo de nove meses, o acordo prevé a realización dunha avaliación da oferta de xogo existente co fin de determinar a necesidade de adopción dun novo acordo. No Acordo, se ordena ademais o inicio do procedemento de elaboración dunha norma regulamentaria que adaptase a regulación existente á planificación establecida nel.

Deste xeito, elabórase este Proxecto de Decreto a fin de proceder efectuar a adaptación da planificación contida no Acordo do Consello da Xunta do 16 de maio de 2019

3. Estrutura e contido

O presente proxecto de decreto consta de 3 artigos, unha disposición transitorias e catro disposicións derradeiras.

Nos artigos 1 e 2 reproducése a planificación prevista no Acordo do 16 de maio de 2019 (118 salóns de xogo, e 41 tendas de apostas) e prevese expresamente que, se unha vez acadado o número máximo de autorizacións de instalación previstas, se producise con posterioridade a extinción dalgunha ou dalgunhas das autorizacións existentes, aquel número máximo decrecerá na mesma proporción, isto é, nunha cantidade igual a autorización ou autorizacións extinguidas.

No artigo 3, se prevé expresamente como causa de desestimación das solicitudes de autorización de instalación de salóns de xogo e de tendas de apostas a superación do número máximo fixado respecto de tales autorizacións.



Na disposición transitoria única, se determina á aplicación do réxime previsto no decreto ás solicitudes que se atopen en tramitación na data da súa entrada en vigor (sen prexuízo dos efectos derivados, no seu caso, da estimación por silencio administrativo), as cales deberán ser resoltas por estrito orde de presentación.

As disposicións derradeiras primeira e segunda, modifican respectivamente o artigo 67 do Regulamento máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 39/2008, do 21 de febreiro, e o artigo 47 do Regulamento de apostas da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 162/2012, do 7 de xuño, a fin de incorporar como causa de desestimación das solicitudes de autorizacións de instalación de salóns de xogo e tendas de apostas a superación do número máximo de aquelas que fixe como medida de planificación o Consello da Xunta de Galicia.

Na disposición derradeira terceira se precisa a vixencia temporalmente limitada das previsións do decreto derivadas da planificación prevista no acordo, expresamente cualificada nel como provisional e transitoria. Así, tales previsións permanecerán vixentes durante o prazo de duración da dita planificación.

Por último o decreto recolle unha disposición derradeira cuarta sobre a súa entrada en vigor, que se producirá na mesma data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia tendo en conta a urxencia da aplicación das previsións contidas no decreto de cara a lograr a plena efectividade da planificación prevista no acordo e, por ende, garantir a atención ás razóns imperiosas de interese xeral nas que tal planificación se fundamenta.

4. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA)

Non se someteu a consulta pública previa, dado que consonte co artigo 41 da LOFAXGA, pode prescindirse deste trámite cando se regulen aspectos parciais dunha materia, razón que quedou xustificada no expediente mediante a memoria do 23 de maio de 2019.

Así, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, centro directivo impulsor remitiu ao Servizo Técnico Xurídico o borrador da disposición acompañado dos seguintes documentos:

- Unha memoria xustificativa (artigo 41.3.a da LOFAXGA).

- Unha memoria económica (artigo 41.3.b da LOFAXGA).
- Unha táboa de vixencias (artigo 41.3.d da LOFAXGA).
- Unha memoria xustificativa da non necesidade de consulta pública previa

Consta o acordo previo de inicio do procedemento de elaboración da dita disposición asinado pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (art. 41.1 da LOFAXGA).

Unha vez recibida a documentación e, logo do seu estudo, o Servizo Técnico- Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, elaborou o preceptivo informe (artigo 41.3 c) da LOFAXGA).

Seguidamente, o Servizo Técnico-Xurídico obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (artigo 41.4 da LOFAXGA).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, esta publicouse na páxina web da Consellería, na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e artigo 41.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro). Posteriormente o Servizo Técnico-Xurídico solicitou os informes dos órganos e unidades administrativas que debían pronunciarse sobre o texto do proxecto.

Así mesmo o órgano tramitador, o Servizo Técnico Xurídico, someteu o proxecto á audiencia da Presidencia e do resto de Consellerías da Xunta de Galicia, así como as entidades indicadas pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

Consta no expediente o informe da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, de data 10 de xuño, sobre as alegacións formuladas durante o trámite de audiencia e exposición pública, téndose presentado alegacións por:

- ASOCIACIÓN DE EMPRESAS OPERADORAS DE GALICIA (AGEO)
- WINNERS APUESTAS, SA
- UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA

Por parte da Administración Xeral, fixeron observacións a Consellería de Sanidade e a ATRIGA. As consellerías de Infraestruturas e Mobilidade e Mar, así como a Presidencia, manifestaron expresamente que non presentaban alegacións ao proxecto de decreto.

De conformidade co disposto no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, foi preciso solicitar informe económico-financeiro á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.



Ao tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral que puidera ter repercusións en cuestións de xénero ao abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e do artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, resultou preciso requirir informe sobre o seu impacto de xénero.

Así mesmo, solicitouse informe á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, a tenor do previsto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

Igualmente, someteuse a informe da Comisión de Xogo de Galicia, que informou favorablemente o texto na súa xuntanza do 3 de xuño de 2019

O 6 de xuño de 2019 a Secretaría Xeral de Igualdade emitiu o preceptivo informe sobre o proxecto de decreto.

A Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e emitiu informe favorable sobre o proxecto de decreto con data 3 de xuño de 2019.

O 12 de xuño de 2019 emitíuse informe favorable pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa no que estima que non é precisa a emisión do informe conxunto para a habilitación de procedementos e servizos, nos termos que se recollen na Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia.

Finalizada a fase de documentación e consulta recollida previamente, o proxecto someteuse a informe da Asesoría Xurídica, que se pronunciou sobre cuestións de legalidade e técnica normativa, segundo o disposto no artigo 43.1 da LOFAXGA, emitindo o seu informe o 12 de xuño de 2019, no que realiza algunha observación de carácter formal ao texto.

Co fin de adecuarse ao informe da Asesoría Xurídica, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior envía o texto definitivo coa redacción proposta pola Asesoría Xurídica.

5. Legalidade

O proxecto someterase a ditame do Consello Consultivo de Galicia e posteriormente á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co dito artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.





De acordo co indicado considérase que o proxecto de “Decreto polo que se aproban medidas en materia de planificación de autorizacións de instalación de salóns de xogo e tendas de apostas na Comunidade Autónoma de Galicia s”, reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se informa favorablemente o mesmo.

A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, logo de ver a proposta do subdirector xeral de Réxime Xurídico, da Vicepresidencia e Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, considera que o proxecto de decreto sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que o **informa favorablemente** (artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro).

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2019

A secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

